

Falta de cobertura de telefonía móbil na aldea de Lombao en Oourol

Expediente: R.7.Q/748/21

Santiago de Compostela, 17 de Novembro de 2022

Sr. director:

Nesta institución iniciouse unha actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, tras ter coñecemento, coa información aportada polo Concello de Oourol, da falta de cobertura de telefonía móbil dos residentes en Lombao, parroquia do Sixto.

ANTECEDENTES

O Concello de Oourol adheriuse á actuación promovida pola Xunta de Galicia en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para resolver os problemas de cobertura móbil en zonas rurais, e cando os técnicos da *Oficina do Plan de Banda Larga* se desprazaron ao lugar para facer a comprobación de cobertura, esta non foi realizada no lugar indicado, senón que a fixeron a 40 metros das vivendas, en concreto nun garaxe non habitado, polo que as zonas habitadas seguen sen ter cobertura móbil nin acceso a internet.

Ante iso requirimos informe a esa Axencia. No informe achegado indícase o seguinte:

“Que o Estado é a Administración competente en materia de telecomunicacións, sendo a única Administración que pode incluír o dereito a que tódolos cidadáns dispoñan de cobertura móbil aspecto que xa se reclamou dende a Xunta de Galicia en diversas ocasións.

Non obstante, dende a Xunta de Galicia se está a traballar nunha actuación de mellora do servizo de comunicación móbil nas zonas que carecen do mesmo.

Esta actuación, promovida en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), tivo unha primeira fase na que os concellos interesados se adheriron a esta iniciativa indicando as poboacións nos que lles constaban problemas de cobertura.

Nunha segunda fase realizada en colaboración coa Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG), técnicos cualificados da AETG realizaron medidas de verificación en zonas representativas das poboacións demandadas, de cara a verificar estas deficiencias de cobertura.

Nun terceiro paso da dita actuación de mellora do servizo de comunicación móbil, con data 19 de novembro de 2020 iniciouse un proceso de consulta pública no que se solicitaba a opinión dos suxeitos e organizacións potencialmente afectadas por esta medida, nas que se facía pública a lista de poboacións que, como resultado das medicións realizadas, se consideraban obxectivo desta medida.

En resposta a esta consulta, con data 3 de decembro de 2020 o concello de Oural presentou alegacións entre as que figuraba que a medida realizada na poboación de 270380709 Lombao, non se realizara no lugar correcto. Analizada esta alegación, e tal e como figura na "Memoria sobre o tratamento da información e alegacións recibidas no proceso de consulta pública sobre medidas de apoio de cobertura de telefonía móbil en zonas rurais de Galicia", tendo en conta as características da zona (orografía e distancia entre as poboacións) e a súa influencia na propagación radioelétrica, considerase que as medidas realizadas son suficientemente representativas da cobertura. Por conseguinte, esta alegación non foi estimada".

ANÁLISE

Á vista do contido da queixa de oficio, da documentación achegada e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA: Tal e como expresa o Informe de Amtega, o Estado é a Administración competente en materia de telecomunicacións.

Certamente, a competencia estatal en materia de telecomunicacións é exclusiva, de conformidade co establecido no artigo 149.1.21º da Constitución.

Coa nova Lei 11/2022 de 28 de xuño, Xeral de Telecomunicacións, procédeuse á transposición en España do Código Europeo das Comunicacións Electrónicas, aprobado no ano 2018. En moitos aspectos, o sector das telecomunicacións ten un compoñente claramente supranacional, polo que as medidas legislativas adoptadas neste campo veñen en gran medida determinadas polos consensos que se arbitran a nivel comunitario. A lei española é, en todo caso, máis ambiciosa nalgúns puntos crave, por exemplo no que se refire á colaboración entre as Administracións públicas en materia de despregamentos e explotación de redes de comunicacións electrónicas.

Signifícase que, a pesar da anteriormente considerada atribución de competencias ao Estado, a Administración autonómica pode coadjuvar realizando actuacións mediadoras coas operadoras privadas para alcanzar o obxectivo último de acceso universal ás telecomunicacións nunhas condicións mínimas de calidade e operabilidade con independencia do lugar no que residan os cidadáns que as demandan.

E segundo se expresa no informe recibido, dende a Xunta de Galicia se está a traballar nunha actuación de mellora do servizo de comunicación móbil nas zonas que carecen do mesmo. Esta actuación tivo unha primeira fase na que os concellos interesados se adheriron a esta iniciativa, nunha segunda fase realizáronse as medicións por técnicos cualificados da AETG para finalmente proceder a unha consulta pública na que as alegacións do concello de Oural resultaron desestimadas.

SEGUNDO: En relación coa alegación presentada polo concello de Oural á consulta pública no que se solicitaba a opinión dos suxeitos e organizacións potencialmente afectadas polas medidas de verificación en zonas representativas das poboacións demandadas, de cara a verificar estas deficiencias de cobertura, esta rexéitase por considerar que as medidas realizadas son suficientemente representativas da cobertura.

É preciso trasladar aos operadores as queixas que se reciben, procedentes das diferentes administracións públicas, tanto por fallos no funcionamento dos servizos como pola falta de cobertura dos mesmos. Os fallos na prestación do servizo trasládanse ao operador responsable do mesmo, mentres que as queixas por falta de cobertura comunícanse a todos os operadores para que o coñezan para a planificación de futuras actuacións.

Tamén son fundamentais as subvencións para a extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais e illados.

No presente caso, o concello de Oural adhírese á actuación promovida pola Xunta, se ben rexeita as medicións realizadas no proceso de mellora do servizo de comunicación móbil.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **suxestión**:

1ª. Que se valore completar a medición realizada polos técnicos cualificados da AEGT, no sentido de comprobar a falta de cobertura de telefonía móbil no lugar de Lombao, parroquia de Sixto, concello de Oural.

2ª Que se valore a posta en marcha das medidas para identificar a causa pola que non ten eficacia o servizo no lugar.

3ª Que, de ser posible, se inclúa dita zona dentro de los plans que se consideren necesarios para a efectividade do servizo.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do responsable do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo